



ACORDOS DA COMISIÓN PERMANENTE 27/02/2026 DO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDUDC)

1. DIRECCIÓN DE TESES POR 3 DIRECTORES

Co RD 576/2023 é factible a dirección por 3 directores/as (mellora da competitividade en contratos predoutorais —puntuación por pertenza do director/a ao CICA, CITIC—), estudos multicéntricos, dirección internacional, necesidade dun/ha novo/a director/a pola aplicación de novas tecnoloxías, etc.

2. DIRECCIÓN DE TESES

- a) Titores/as e directores/as non poden formar parte do tribunal de tese, do mesmo xeito que tampouco o poden facer persoas que figurasen como directores/as nalgún momento da matrícula da tese (danse de baixa directores/as para formar parte do tribunal).
- b) A persoa responsable da estadía internacional non poderá ser director/a da tese de doutoramento con mención internacional, agás en casos excepcionais que deberán ser avaliados pola Comisión Permanente. Poderá considerarse soamente en estadías prolongadas dun mínimo de 18 meses de duración (tempo mínimo de depósito de teses) nas que o traballo desenvolvido durante a estadía demostre uns obxectivos afianzados de internacionalización e implique un traballo moi substancial e maioritario no desenvolvemento da tese. Neste suposto a incorporación da persoa responsable da estadía na dirección sempre será posterior á realización da estadía.
- c) A modificación da dirección de teses debe ter en consideración unha aportación substancial do/a director/a incorporado/a. Como tal, non se aceptará a inclusión de novos/as directores/as nas teses cunha fecha de fin de depósito inferior a 6 meses.

3. DEFENSA EN LIÑA DAS TESES DEPOSITADAS (RAZÓNS PARA A SÚA AUTORIZACIÓN).

Criterios fixados para que a defensa da tese online sexa aprobada por defecto, nas que o estudante non pode asistir de modo presencial:

- a) Situacións de conflicto armado
- b) Imposibilidade de obtención de visado sempre que se acredite dita imposibilidade e se demostren os esforzos pertinentes
- c) Razóns médicas xustificadas que impidan viaxar
- d) En relación co estudiantado estranxeiro, acreditar un mínimo de 6 meses de estadía (de forma continua ou discontinua) na UDC antes da defensa da tese. Xustifícase en que o estudiantado estranxeiro adoita ter bolsa para estadías pero non logo para a viaxe da defensa, e na analoxía cos requisitos das teses en réxime de cotutela. A estadía debe certificarse pola persoa directora da tese, avalada pola CAPD do programa correspondente, engadindo o requirimento de documentación xustificativa da realidade da estadía.